



BANDO

O Concello de Narón, con relación ás fogueiras de San Xoán e San Pedro, informa:

1º As solicitudes para a realización de fogueiras en espazos privados con motivo das festividades de San Xoán e San Pedro poderán realizarse a través do Rexistro Xeral, da Sede Electrónica do Concello de Narón (Modelo A-ALC-04) ou comunicarse a través do número de teléfono 664 668 520. As chamadas atenderanse desde o día 9 ao 21 de xuño (incluído), de luns a venres en horario de 10.00 a 13.00 h.

2º Para tramitar as solicitudes en espazos privados será necesario comunicar o nome e apelidos da persoa solicitante, así como o seu número de DNI, o enderezo da residencia e a localización na que se levará a cabo a fogueira, como persoa responsable desta.

3º No caso das fogueiras en espazos públicos deberá solicitarse autorización a través da Sede electrónica ou Rexistro Xeral aportando a documentación requirida (Modelo A-ALC-02)

4º Co obxectivo de garantir a seguridade nas fogueiras deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As dimensións non poderán superar os cinco metros de altura e os tres de diámetro.
- As fogueiras estarán situadas a unha distancia mínima de 30 metros das vivendas vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais.
- As fogueiras non poderán estar situadas nas vías de acceso ou de circulación.
- En caso de que na zona exista máis dunha fogueira, a distancia entre elas debe ser dun mínimo de 100 metros.
- Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos, como pneumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros ou aerosois.
- As fogueiras deben estar vixiadas até a súa total extinción, debendo contar con medios adecuados ás súas dimensións.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e/ou extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- En caso de calquera accidente avisarase o máis rápido posible ao 112.
- As autoridades municipais vixiarán o estrito cumprimento destas normas.

4º As fogueiras iniciaranse ás 20.00 h e deberán extinguirse antes das 3.00 h, sendo a persoa solicitante a responsable de garantir a limpeza de calquera residuo.

Guillermo Sánchez Fojo

Alcalde Accidental de Narón

